



BOP

SÁBADO, 6 DE NOVIEMBRE DE 2010

Nº 255

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Delegación Territorial de Lugo

Resolución do 18 de outubro de 2010 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no Concello de O Páramo. (Expediente IN407A 2010/100-2-7714-AT).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.
- Domicilio social: A BATUNDEIRA, 2, 32960, VELLE, OURENSE.
- Denominación: AUMENTO DE POTENCIA CTC LAMACEMON (O PÁRAMO).
- Situación: CONCELLO DE O PÁRAMO.
- Características técnicas:
- Sustitución do transformador actual de 100 kva ubicado no CTC Lamacemón (27C832) por un de 160 kva, e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 18 de outubro de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 05531

Consellería de Industria, Enerxía e Minas

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

Resolución da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se autoriza administrativamente, se aproba o proxecto de execución e se inclúe no réxime especial de produción de enerxía eléctrica unha instalación solar fotovoltaica de 10.000 kW denominada "Seteventos III" que Solidaridad Solar, S.L. promove no Concello do Saviñao (Lugo).

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. O 9 de outubro de 2007 Solidaridad Solar, S.L. depositou na Caixa Xeral de Depósitos o aval necesario para obter acceso á rede de distribución para unha instalación de 23 MW da súa titularidade.

Segundo. Con datas 2 e 3 de xuño de 2009, publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 106 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 125, respectivamente, a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución presentada por Jesús Díaz Gómez, actuando en nome e representación de Solidaridad Solar, S.L. para unha instalación solar fotovoltaica de 10.000 kW, Seteventos III, cun xerador fotovoltaico situado nas parcelas 37, 42, 43, 41, 40, 39, 31, 19, 60, 59, 22, 20, 62, 16, 21, 38, 58, 57, 56, 14, 13 e 64 do polígono 138; parcelas 24 e 25 do polígono 109; parcelas 172, 173, 171, 209, 169, 208, 207, 206 e 170 do polígono 140 e parcela 2 do polígono 141, do Concello do Saviñao (Lugo). As características do proxecto que se someteu a información pública son as seguintes:

Peticionario: Solidaridad Solar, S.L. Pol. Industrial O Peago, parcela 19, 27540 Escairón, O Saviñao, Lugo.

Finalidade: Produción de enerxía eléctrica en réxime especial por xeración fotovoltaica.

Seteventos III (central fotovoltaica de 10 MW).

Localización da central:

Polígono 138 parcelas 37, 42, 43, 41, 40, 39, 31, 19, 60, 59, 22, 20, 62, 16, 21, 38, 58, 57, 56, 14, 13 e 64.

Polígono 109, parcelas 24 e 25.

Polígono 140, parcelas 172, 173, 171, 209, 169, 208, 207, 206 e 170.

Polígono 141, parcela 2.

Concello do Saviñao (Lugo).

Características técnicas principais:

Instalación solar fotovoltaica conectada á rede de 10.000 kW de potencia nominal, formada por:

- 38.940 paneis solares fotovoltaicos de 280 Wp de potencia nominal unitaria, cunha potencia pico total de 10.903,2 kWp.

- 295 seguidores solares a dous eixes.
- 20 inversores de 500 kW de potencia nominal unitaria.
- Elementos de protección.

Instalacións de transformación, transporte e conexión constituídas basicamente por:

- Liñas eléctricas de baixa tensión realizadas con cables RV-K, con condutor de cobre, de tensión nominal asignada 0,6/1 kV, para a conexión dos módulos fotovoltaicos de cada seguidor co correspondente inversor.

- 20 centros de transformación de 630 kVA de potencia nominal, en edificio prefabricado EHC6-T1, de Merlin Gerin, de dimensións exteriores 6.440x2.500x3.300 mm, de abonado e en bucle, situados na planta fotovoltaica e equipados con celas de liña e protección.

- Centro de seccionamento para saída da central fotovoltaica, en edificio prefabricado EHC2-S, de Merlin Gerin, de dimensións exteriores 3.220x2.500x3.300 mm., e equipado con celas de liña.

- Liña eléctrica subterránea de media tensión a 20 kV, con condutores RHZ1-OL 12/20 kV A1 (3x150 mm²) en canalización enterrada baixo tubo de 160 mm. de diámetro, polo interior da parcela en que se sitúa a central fotovoltaica.

- Liña eléctrica subterránea de media tensión a 20 kV, con condutores RHZ1-OL 12/20 kV A1 (3x400 mm²) en canalización enterrada baixo tubo de 160 mm. de diámetro, de 12.375 metros de lonxitude, polo exterior da parcela en que se sitúa a central fotovoltaica.

- Centro de seccionamento en edificio prefabricado tipo ECS24, de Merlin Gerin, de dimensións exteriores 2.000x1.243x2.147 mm, nas proximidades do punto de conexión, equipado con celas en liña, cela de medida e telemando.

- Conexión coa rede de distribución de Unión Fenosa Distribución mediante condutor subterráneo RHZ1-OL 12/20 kV A1 (3x400 mm²).

- Equipamento de medida, protección e sinalización.

Terceiro. Con data 6 de setembro de 2010, o Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo emitiu informes favorables á solicitude presentada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O artigo 28 da Lei 54/1997, establece que a construción, explotación, modificación substancial, a transmisión e o peche de instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime especial estará sometida ao réxime de autorización administrativa previa, que terá carácter regrado, correspondéndolle o seu outorgamento á Administración Autonómica.

Segundo. O artigo 4.1 do Decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, establece que o recoñecemento da condición de instalación de produ-

ción acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica corresponde aos órganos das comunidades autónomas.

Terceiro. A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas é competente para resolver este procedemento con fundamento no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e en virtude do artigo 28 do Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, que atribúe á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Consellería en materia de industria, seguridade industrial, solo industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía e minas.

Cuarto. Na tramitación tivéronse en conta as normas de procedemento contidas no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, no Real Decreto 661/2007, do 25 de maio, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normas vixentes de aplicación.

Quinto. O artigo 57.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, establece que "excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución dos anulados, e así mesmo, cando producen efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran xa na data á que se retrotraiga a eficacia do acto e ésta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas".

Tendo en conta que non se produciron cambios na infraestrutura da rede no intervalo de tempo comprendido entre o 3 de decembro de 2007, data na que a distribuidora comunica que non lle é posible asignar un punto de conexión a unha instalación fotovoltaica de 23 MW (expediente que posteriormente se transformou en dous, un para Seteventos I de 2,9 MW e outro novo para Seteventos II e Seteventos III de 10 MW cada unha) titularidade de Solidaridad Solar, S.L. e a data de concesión do punto de conexión por parte da distribuidora para Seteventos II e Seteventos III (16 de setembro de 2008), considérase o efecto retroactivo do referido punto de conexión, e polo tanto, enténdese concedido dende o día 3 de decembro de 2007.

Polo dito anteriormente, e tendo en conta que o artigo 128.1 do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, establece que o prazo para a resolución da autorización administrativa é de 3 meses dende a presentación da solicitude, enténdese que esta Resolución de autorización terá efectos dende o 3 de marzo de 2008.

De acordo co que antecede

RESOLVO

Primeiro. Autorizarlle administrativamente a Solidaridad Solar, S.L. a instalación solar fotovoltaica de 10.000 kW de potencia nominal denominada "Seteventos III", situada no Concello do Saviñao (Lugo).

Segundo. Aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, "proyecto básico y de ejecución modificado Seteventos III. Central fotovoltaica de 10 MW", asinado polo enxeñeiro industrial Alfonso Fernández Losada, colexiado número 1103, e visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia-Ourense o 19 de maio de 2009, co número 382/09, o seu anexo asinado polo enxeñeiro industrial Alfonso Fernández Losada, colexiado número 1103, e visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia - Ourense o 27 de novembro de 2009, co número 890/09, e o seu anexo II asinado polo enxeñeiro industrial Alfonso Fernández Losada, colexiado número 1103, e visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia-Ourense o 29 de xullo de 2010, co número 571/2010.

Terceiro. Recoñecerlle á instalación que por esta resolución se autoriza a condición de instalación acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica regulado polo Real Decreto 661/2007, do 25 de maio, e incluía no subgrupo b.1.1 do artigo 2 do devandito Real Decreto.

Todo isto de acordo coas seguintes condicións:

Primeira. As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto e anexos que por esta resolución se aproban, e referidos no punto segundo da parte dispositiva desta.

Segunda. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto e anexos será necesaria a previa autorización desta Dirección Xeral. Pola súa banda, o Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto e anexos que resulten procedentes, debendo comunicarlle a este centro directivo todas as resolucións que dite en aplicación da devandita facultade.

Terceira. O prazo para a posta en servizo das instalacións que se autorizan será de seis meses contados a partir da data de publicación desta resolución.

Cuarta. Unha vez construídas as instalacións autorizadas, o Departamento Territorial da Consellería de Eco-

nomía e Industria de Lugo inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuadas e verificará o cumprimento dos compromisos contraídos por Solidaridad Solar, S.L.

Quinta. Con carácter previo á posta en servizo das instalacións, o órgano competente verificará o cumprimento dos condicionados impostos nesta resolución.

Sexta. A Administración resérvase o dereito de deixar sen efecto a presente autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1.775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias, ou por incumprimento das condicións impostas.

Sétima. Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Oitava. Como requisito necesario para a aplicación do réxime especial á devandita instalación, o titular e/ou explotador deberá inscribirla no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xullo de 1995 (DOG do 14 de xullo), para o cal acreditará o cumprimento das condicións previstas no artigo 12 do Real Decreto 661/2007, do 25 de maio, e presentará a documentación que figure nas instrucións que dite esta dirección xeral en desenvolvemento da citada Orde.

Contra esta resolución que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2010.- O Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces.

R. 05435

Excma. Deputación Provincial

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 27 DE OUTUBRO DE 2010 POLA QUE SE APROBAN AS BASES E SE CONVOCAN OS PROCESOS SELECTIVOS DE ENCARGADO PERSOAL DE OFICIOS (PARQUE MÓBIL) E ENCARGADO VIXILANCIA INTERIOR, RESERVADOS A PROMOCIÓN INTERNA.

Vistas as necesidades dos servizos; vista a Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2010, aprobada por resolución da Presidencia de data 22 de febreiro de 2010, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 69 de 26 de marzo de 2010; constatándose que no cadro de persoal funcionario figuran vacantes e dotadas as prazas que seguidamente se relacionan, reservándose conforme ao artigo 18 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico de Empregado Público e o artigo 22 da Lei 30/84, de 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública no que non se contradiga co EBEP e o artigo 29 do Acordo Marco Único para Persoal Funcionario (BOP 31-1-91), para promoción interna.

Grupo Lei 7/2007	Clasificación	Nº VAC.	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN
C/C1	Escala Admón. Especial, subescala Servizos Especiais, clases, prazas cometidos especiais	1	786	Encargado persoal de oficios (Parque Móbil)
C/C1	Escala Admón. Especial, subescala Servizos Especiais, clase, prazas cometidos especiais	1	787	Encargado vixilancia interior

Segundo as facultades que me confire o artigo 34.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 11/99 de 21 de abril, e Lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e o artigo 5º do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local e disposicións concordantes, esta Presidencia RESOLVE:

1º.- Aprobar as bases xerais e específicas polas que se rexerán as probas selección para prover as prazas do cadro de persoal funcionario antes relacionadas, correspondentes á Oferta de Emprego para o ano 2010, reservadas a promoción interna.

2º.- Convocar públicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases xerais e específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao DOGA e ao BOE.

4º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo os procesos selectivos.

Pazo Provincial, 28 de outubro de 2010.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

BASES XERAIS PARA ACCESO A PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA.

1.- NORMAS DE APLICACIÓN.

As probas selectivas para acceso a prazas de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo, reservadas a promoción interna seralles de aplicación a Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Emprego Público (EBEP), agás o sinalado no Capítulo II, Título III, e no que resulte vixente a Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local a Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da Admón. Local a Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia e o Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia. Serán tamén de aplicación o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Prov. de P. de T. e Promoción P. dos Funcionarios da Administración Xeral do Estado; Acordo Marco Único para o persoal funcionario da Excma. Deputación provincial de Lugo (BOP 31 de xaneiro de 1991); Acordo de Condicións de Traballo da Deputación Provincial de Lugo (BOP 14.06.96) e o Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade publicado no Boletín Oficial da Provincia número 226, de 30 de setembro de 2006.

2.- OBXECTO, SISTEMA DE SELECCIÓN E CONVOCATORIA.

2.1.- OBXECTO.

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento xeral que rexerá a selección de persoal para prover as prazas de persoal funcionario que estando vacantes no cadro de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial e dotadas orzamentariamente, estean reservadas a promoción interna.

O procedemento xeral de selección obxecto destas Bases será complementado coas bases específicas para acceso desde un corpo ou escala de un subgrupo ou grupo de clasificación profesional no suposto de que este non teña subgrupo a outro superior.

2.2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

A promoción interna efectuarase mediante o sistema de concurso-oposición, con suxeición os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De acordo co regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Deputación Provincial e do INLUDES con carácter xeral o sistema de selección será o de concurso-oposición.

As bases específicas determinarán o sistema de selección en cada caso e poderán establecer como requisito indispensable da promoción ter realizado ou superado determinados cursos en función da praza á que se opta así como establecer unha puntuación mínima na fase de concurso que os aspirantes deberán superar necesariamente para acceder a fase de oposición.

2.3.- CONVOCATORIA.

De acordo co sinalado no apartado 2.1 e tendo en conta as necesidades dos servizos o Ilmo. Sr. Presidente ditará Resolución na que se convoque aos interesados en participar no procedemento selectivo para prover as correspondentes prazas. Dita Resolución publicarase, xunto coas presentes bases xerais e mailas bases específicas correspondentes ás prazas convocadas no BOP, enviando extracto da convocatoria ao DOGA e ao BOE.

3.- INCOMPATIBILIDADES.

As persoas que obteñan as prazas ás que se refire esta convocatoria estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro e concordantes).

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos ás probas selectivas será necesario reunir os seguintes requisitos:

4.1.- XERAIS.

De acordo co artigo 56 do EBEP, para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os requisitos sinalados no citado artigo.

4.2.- ESPECÍFICOS.

Conforme ao artigo 22 da Lei 30/84, de 2 de agosto de MRFP, os aspirantes deberán ter prestados servizos efectivos durante, ao menos, dous anos como funcionario de carreira en corpos ou escalas do grupo de titulación inmediatamente inferior ao corpo ou escala ao que pretendan ter acceso, especificándose para cada praza nas bases específicas correspondentes.

Os requisitos establecidos nos apartados desta base deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e gozar deses requisitos durante o proceso selectivo.

5.- SOLICITUDES.

5.1.- FORMA.

Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán presentar a solicitude no modelo oficial que se facilitará no Negociado de Selección, Promoción e Carreira e na páxina web www.deputacionlugo.org, manifestando que reúnen todos e cada un dos requisitos da Convocatoria, en particular os sinalados na base cuarta das bases xerais e na base cuarta das bases específicas.

Constatará na solicitude o compromiso de que antes da toma de posesión deberá xurar ou prometer cumprir fielmente as obrigas do cargo, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

5.2.- ÓRGANO AO QUE SE DIRIXE.

As instancias correspondentes dirixiranse ao Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial.

5.3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo de presentación será de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación do extracto da Convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

5.4.- LUGAR DE PRESENTACIÓN.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral desta Excm. Deputación Provincial de Lugo, ou nos lugares que determina o artigo 38 da lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5.5.- ERROS NAS SOLICITUDES.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

5.6.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑARSE Á SOLICITUDE.

Os aspirantes deberán presentar, acompañando á solicitude a documentación que acredite os méritos a que fai referencia a convocatoria en relación á fase de concurso.

Os méritos a que se fai referencia no baremo que figuran como anexo I destas bases xerais, serán acreditados polos interesados mediante certificacións, copia autenticada de titulación ou titulacións, currículo vitae debidamente documentado e acreditado, ou calquera documento que probe e dea fe da posesión deses méritos.

A acreditación da condición e encadramento como funcionario, antigüidade, grao persoal consolidado, nivel de complemento de destino, sistema de acceso á praza desde a que promocióne, será xuntada directamente á solicitude mediante certificación acreditativa da que se facilitará unha copia ao interesado.

Os informes dos Xefes de Área, Servizo ou Sección correspondentes serán aportados directamente ao expediente polos Xefes respectivos no momento da valoración de méritos ou cando indique o Presidente do Tribunal.

Os interesados poderán presentar reclamacións en relación co contido da certificación nun prazo de cinco días dende a recepción da copia e estas serán resoltas e notificadas polo órgano correspondente desta Entidade con anterioridade ao inicio da fase de concurso (cando o sistema de selección sexa o concurso-oposición).

6.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS. LISTA DE ADMITIDOS.

Transcorrido o prazo de presentación de instancias, o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial, ditará Resolución no prazo máximo dun mes declarando a lista de admitidos e excluídos cos nomes e apelidos e, de ser o caso, causa da exclusión.

Esta Resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Entidade e na páxina web (www.deputacionlugo.org) incluíndo as listas completas de aspirantes admitidos e, se é o caso, excluídos.

Durante 10 días, de conformidade co previsto no art. 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, poderase solicitar a rectificación de erros e presentar reclamacións ás listas provisionais. Quen non presente a solicitude da rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Se non se presentasen reclamacións á lista provisional considerárase esta definitiva sen necesidade de nova publicación.

No caso de existir reclamacións á lista provisional serán resoltas éstas pola Presidencia, e aprobadas as listas definitivas de aspirantes admitidos e excluídos, que serán publicadas novamente.

Xunto coa lista de admitidos publicarase a Resolución que conterà:

- a) A composición do Tribunal cualificador.
- b) A citación ao Tribunal para que se constitúa e proceda á valoración dos méritos da fase de concurso.
- c) A citación aos aspirantes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, garantíndose un mínimo de 15 días dende a data de publicación e a do primeiro exercicio.

Cando se trate de exercicios que deban ser lidos o Tribunal chamará aos aspirantes polo número de control que escolleron ao chou para realizar o exame, sempre de menor a maior.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, os aspirantes excluídos poderán interpoñer potencialmente, recurso de reposición, diante do Ilmo. Sr. Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia ou ben, recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7.- DESIGNACIÓN, COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO TRIBUNAL.

Os Tribunais serán nomeados pola Presidencia da Deputación Provincial e a súa composición determinarase conforme ao establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), no art. 4.e) e 4.f) do RD 896/91 de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da Admón. Local non derogado polo EBEP, así como polo establecido no artigo 13 do RD364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Prov. de P. de T. e Promoción P. dos Funcionarios da Administración Xeral do Estado.

Presidente: O Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

Secretario: O da Corporación ou funcionario que o substitúa.

Vocais:

1.- Tres técnicos ou expertos designados polo Presidente da Excma. Deputación Provincial.

Por cada titular nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes.

O nomeamento das persoas que constituirán o Tribunal cualificador e suplentes, realizarase por Decreto do Ilmo.

Sr. Presidente, debendo posuír , en calquera caso, titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza que se convoca, téndose á paridade entre homes e mulleres.

Os membros do Tribunal terán voz e voto.

7.2.- ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo a Presidencia, cando concorran circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ao conforme determina o artigo 13.2 do RD 364/95 cando realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria e, igualmente cando realízen esa actividade desde a publicación da convocatoria.

O Presidente deberá solicitar dos membros do Tribunal que asinen unha declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias prevista no citado artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común nin nas previstas no artigo 13.2 do RD 364/95. Esta declaración deberá ser tamén cuberta polos asesores especialistas e polo persoal colaborador que incorpore aos seus traballos o Tribunal.

Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 29 da citada norma.

7.3.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

7.4.- ACTUACIÓN DO TRIBUNAL.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes (un Presidente, un Secretario e un vogal).

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, xa citada.

7.5.- PAGAMENTO DE ASISTENCIAS AO TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a éste, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de 2002, de indemnizacións por razóns de servizos, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data do feito causante.

8.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O baremo de méritos que rexerá na fase de concurso, será o establecido no anexo I das presentes bases xerais.

Os exercicios da fase de oposición serán os que establezan as correspondentes bases específicas para acceso a cada praza.

8.1.- CRITERIOS XERAIS.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da oposición.

Na realización dos exercicios escritos deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos aspirantes.

Unha vez publicado o comezo das probas, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios no Boletín Oficial da Provincia para a celebración das restantes probas, debendo publicarse no taboleiro de anuncios da Deputación e na páxina web da Entidade.

Os participantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal, sendo excluído da oposición quen non compareza

Non obstante o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do Tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse nas 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do Tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O Tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso a respecto das decisións do Tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

O Tribunal poderá ordenar a realización dos exercicios de forma sucesiva, sempre que así se anuncie. Non obstante os aspirantes poderán solicitar que desde o remate dun exercicio ata o comezo do seguinte trascorra un prazo de 72 horas.

8.2.- CONTIDO DOS PROGRAMAS E EXENCIÓN DE MATERIAS.

A) CONTIDO DOS PROGRAMAS.

Conforme o artigo 8 do R.D. 896/ 91, de 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, os programas dos exercicios teóricos conterán materias comúns e materias específicas conforme se determina nas bases específicas.

Ingreso a subescalas do grupo A, subgrupo A1.: 90

Ingreso a subescalas do grupo A, subgrupo A2.: 60

Ingreso a subescalas do grupo B: 60

Ingreso a subescalas do grupo C, subgrupo C1: 40

Ingreso a subescalas do grupo C, subgrupo C2: 20

As bases específicas establecerán os programas de selección a cada praza.

B) EXENCIÓN DE MATERIAS.

Conforme co establecido no artigo 64, paragrafo segundo do R.D.L. 1/2008, de 13 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia e co establecido no artigo 77 do RD 364/95, de 10 de marzo, quedan excluídas dos exercicios da oposición as probas sobre aquelas as materias cuxo coñecemento estea acreditado suficientemente no ingreso ao corpo ou escala de orixe.

Nas bases específicas de cada praza establecerase a exención das probas sobre aquelas materias cuxo coñecemento fose acreditado suficientemente nas de ingreso ao corpo ou escala de orixe

9.- CUALIFICACIÓN DAS PROBAS.

9.1.- MODO DE CUALIFICACIÓN.

a) Fase de concurso.

A cualificación adoptarase aplicando o baremo de méritos establecido como anexo I das presentes bases xerais. Nos apartados do baremo que permitan a apreciación libre do Tribunal, a valoración farase seguindo os criterios fixados no apartado seguinte.

b) Fase de oposición.

As cualificacións adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes daquel, sendo o cociente a cualificación definitiva.

9.2.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fases de concurso e na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes aprobados.

No caso de empate a orde establecerase atendendo á maior antigüidade dos aspirantes.

10.- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DO TRIBUNAL.

Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal publicará a relación dos aprobados pola orde de puntuación e formulará proposta de nomeamento a favor dos aspirantes que obtiveran a maior puntuación, non podendo en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Esta relación farase pública no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial e na páxina web da Entidade

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxer o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira. Para os efectos previstos neste punto, terán a mesma consideración que as renuncias o seguinte supostos: Os que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos

requisitos sinalados na base xeral 4, non podendo ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade que incorresen por falsidade na solicitude inicial:

11.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

11.1.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR.

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral a seguinte documentación:

- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa) do Título esixido ou certificación académica dos estudos realizados e xustificación de ter feito o aboamento dos dereitos para a súa expedición. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite, fidedignamente a súa homologación.

Conforme ao establecido na disposición adicional vixésimo segunda da Lei 30/84, de 2 de abril de M.R.F.P., no acceso a corpos ou escalas do grupo C (na vixente normativa grupo C-subgrupo C1), no caso de non posuír a titulación sinalada no Art. 25 da citada Lei, presentarase certificación de posuír unha antigüidade de dez anos nun corpo ou escala do grupo D (na vixente normativa grupo C-subgrupo C2), ou cinco anos e a superación dun curso de formación específico ao que se accederá por criterios obxectivos.

11.2.- PRAZO.

O prazo de presentación será de 20 días naturais a partir da publicación da lista de aprobados no taboleiro de anuncios desta Entidade.

11.3.- FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os que dentro do prazo indicado, excepto os casos de forza maior, non presentaran a súa documentación, non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na instancia.

12.- NOMEAMENTOS E TOMA DE POSESIÓN.

12.1.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

Á vista da relación de aprobados formulada polo Tribunal e comprobado que os aspirantes incluídos na citada relación de aprobados presentaron a documentación esixida nas base 11.1, o Ilmo. Sr. Presidente formulará proposta á Xunta de Goberno para que efectúe o nomeamento resolvendo definitivamente o procedemento selectivo.

12.2.- NOMEAMENTO.

A Xunta de Goberno da Excma. Deputación provincial procederá a nomear funcionario de carreira na escala e subescala correspondente aos opositores propostos, publicándose a resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web da Entidade.

12.3.- TOMA DE POSESIÓN.

A toma de posesión dos aspirantes que superaran o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes desde a data de publicación do seu nomeamento.

13.- INFORMACIÓN Á XUNTA DE PERSOAL.

De conformidade co sinalado no artigo 28.6 do Acordo Marco Único, a Presidencia da Deputación informará ao Presidente da Xunta de Persoal de:

1: As bases da convocatoria.

2: A composición nominal dos Tribunais.

3: O lugar, data e hora da celebración dos exercicios.

14. RECURSOS.

Contra as presentes bases, e a resolución que as aproba e mediante a que se realiza a presente convocatoria, resolución que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición, diante do Ilmo. Sr. Presidente da Deputación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da mesma no B.O.P.

Opcionalmente poderán interpoñer recurso contencioso administrativo diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses desde a publicación da presente convocatoria no B.O.P. na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

16.- NORMA FINAL.

As presentes bases e mailas bases específicas que se aproben para cada praza e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Lugo, 28 de outubro de 2010.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

ANEXO I**BAREMO DE MÉRITOS QUE REXERÁ NA FASE DE CONCURSO (SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN)****a) ANTIGÜIDADE.**

A antigüidade do funcionario na escala, subescala, clase ou categoría da que promociione, conforme o determinado na base 4.a) das bases específicas, valorarase, asignándolle a cada ano completo de servizos 0,25 puntos.

A puntuación máxima deste apartado será de 6,5 puntos.

b) GRAO PERSOAL CONSOLIDADO.

Segundo o grao persoal que se teña consolidado, outorgarase a seguinte puntuación: 0,15 puntos por cada grao que exceda de 13.

A puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

c) TRABALLO DESENVOLVIDO.

- Valorarase ata un máximo de 2 puntos segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo que se ocupe con carácter definitivo, outorgándose 0,15 puntos por cada nivel que exceda de 13.

- Valorarase ata un máximo de 2 puntos de acordo coa valoración que o Tribunal cualificador realice do traballo desenvolvido no posto ou postos que ocupe ou ocupara, baseándose no informe ou informes do Xefe da Unidade correspondente.

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

d) FORMACIÓN.

1.- Cursos de formación e perfeccionamento incluídos Plans de Formación da Deputación provincial de Lugo, na Escola Galega de Administración pública, ou nas nas Escolas de Administración pública, en xeral, relacionados coas funcións e cometidos da praza a que opten e os realizados por outros organismos ou entidades públicas ou privadas a xuízo do Tribunal.

Valorarase segundo a seguinte escala:

ASISTENCIA		APROVEITAMENTO		IMPARTICIÓN	
Anteriores	Últimos 5 anos	Anteriores	Últimos 5 anos.	Anteriores	Últimos 5 anos
0,01 puntos por hora	0,02 puntos por hora	0,015 puntos por hora	0,03 puntos por hora	0,05 puntos por hora	0,06 puntos por hora

A puntuación total non poderá superar un máximo de 5 puntos.

2.- Cursos de informática.

A) Cursos relacionados coas funcións da praza á que se opta e que teñan un interese esencial para esta, valorarase segundo a escala establecida no apartado e) Formación punto 1, ata un máximo de 2 puntos.

B) Cursos de informática relacionados coas funcións da praza á que se opta e que non teñan un interese esencial, valorarase segundo a escala establecida ata un máximo de 1 punto.

A puntuación por cursos de informática non poderá superar os 2 puntos

A puntuación máxima do apartado d) será de 7 puntos.

e) COÑECEMENTO ACREDITADO DE IDIOMAS.**A) Idioma galego.**

- Celga 3, curso de iniciación, a súa validación a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º curso escola oficial de idiomas: 0,2 puntos.

- Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 3º e 4º curso escola oficial de idiomas: 0,40 puntos.

Ciclo superior (cursos 5º e 6ª) dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, curso medio de linguaxe administrativa ou xurídica galega: 1 punto.

Licenciatura de filoloxía galega e filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués), nivel superior de linguaxe administrativa galega, nivel superior de linguaxe xurídica galega, tradutor especialista en linguaxe xurídica administrativa: 1,5 puntos.

Celga 5: 1,5 puntos.

Non poderán, en ningún caso acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións, puntuándose, en consecuencia, polo curso ou titulación de nivel superior.

Só se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A puntuación máxima do apartado A) será de 1,5 puntos.

B) Coñecemento acreditado de idiomas comunitarios, sempre que garden relación co posto de traballo ao que se opta, obtido en Escolas Oficiais de Idiomas ou en Institucións Universitarias.

- Cursos da Escola Oficial de Idiomas se valorarán a razón de 0,15 puntos por curso no plan antigo e 0,125 por curso no plan novo.

- Licenciatura en linguas comunitarias: 1 punto.

- Cando non teña especial interese para o posto, reducirase a valoración nun 50 por cento.

A puntuación máxima deste apartado B) será de 1 punto

A puntuación máxima no apartado e) non superará os 2,5 puntos.

f) TITULACIÓNS ACADÉMICAS.

1.- Criterios de valoración

Non se valorarán neste apartado a titulación necesaria para acceder ao grupo no que se encadra a praza coas seguintes excepcións:

1º.- Cando o aspirante teña máis dunha titulación de acceso, poderanse valorar as que excedan da necesaria.

2º.- Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

3º.- Non se puntuarán neste apartado as titulacións que se tiveran en conta nas puntuacións outorgadas noutros apartados deste baremo.

2.- Valoración das titulacións.

A) Titulacións relacionadas directamente coas funcións da praza á que se opta e que teñan especial interese para esta.

- Licenciaturas: 2 puntos.

- Diplomaturas: 1 punto.

- Titulación non universitaria: 0,25 puntos.

B) Titulacións non relacionadas directamente coas funcións da praza a que se opta ou que non teñan especial interese para ésta.

- Licenciatura: 1 punto.

- Diplomatura: 0,5 puntos.

- Titulación non universitaria: 0,12 puntos.

A puntuación máxima neste apartado f) non poderá superar os 2 puntos.

g) NORMAS FINAIS.

A puntuación total do baremo de méritos non superará o 24 puntos.

Os méritos aos que se refire o presente baremo posuiranse na data do remate do prazo de presentación de instancias, debéndose acreditar conforme ao establecido no punto 5.6 das bases xerais.

Lugo, 28 de outubro de 2010.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

ANEXO II

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Modelo de solicitude para ACCEDER AS PRAZAS de PERSOAL FUNCIONARIO polo sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN OU CONCURSO RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA.

Espacio reservado para o Negociado de Persoal	
Nº DE ORDE	
PUNTUACIÓN TOTAL	

DATOS DA PRAZA QUE SE SOLICITA	
<u>Denominación da praza:</u>	<u>Data convocatoria no BOP:</u>
<u>Sistema de selección:</u>	<u>Título esixido para a praza á que opta:</u>
	<u>Centro que o expediu:</u>
	<u>Localidade:</u>

DATOS PERSOAIS			
<u>Primeiro apelido:</u>	<u>Segundo apelido:</u>	<u>Nome:</u>	
<u>DNI:</u>	<u>Data nacemento:</u>	<u>Lugar de nacemento (localidade, municipio e provincia):</u>	
<u>Domicilio: Rúa ou localidade</u>	<u>Municipio e provincia:</u>	<u>Código postal:</u>	<u>Teléfono con prefixo:</u>

DATOS PROFESIONAIS		
<u>Praza da que é titular</u>	<u>Situación administrativa</u>	<u>Grupo</u>
<u>Posto de traballo que ocupa</u>	<u>Unidade na que presta servizos</u>	

- MÉRITOS ALEGADOS (aportados directamente pola Administración)

Espacio reservado para cubrir polo Negociado de Persoal		
<u>GRAO PERSOAL CONSOLIDADO</u>		<u>Puntuación:</u>
<u>NIVEL COMPLEMENTO DE DESTINO</u>		<u>Puntuación:</u>
<u>DESEMPEÑO DO POSTO DE TRABALLO CORRESPONDENTE A PRAZA Á QUE OPTA OU ANÁLOGO, ATF OU SUSTITUCIÓNS</u>		<u>Puntuación:</u>
<u>ANTIGÜIDADE</u>		<u>Puntuación:</u>

• MÉRITOS QUE DEBERÁN SER APORTADOS E ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES

I. INFORMES:	
	<u>Puntuación:</u>

II.- IDIOMA GALEGO	
	<u>Puntuación:</u>

III.- IDIOMAS COMUNITARIOS	
	<u>Puntuación:</u>

IV.-TITULACIÓNS ACADÉMICAS

	Puntuación:

V.-CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO RELACIONADOS DIRECTAMENTE COAS FUNCÍONS DA PRAZA Á QUE OPTA

CURSOS DE ASISTENCIA

Nº ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	DATA (relacionar por datas de realización)
<u>1</u>			
<u>2</u>			
<u>3</u>			
<u>4</u>			
<u>5</u>			
<u>6</u>			
<u>7</u>			
<u>8</u>			
<u>9</u>			
<u>10</u>			
<u>11</u>			
<u>12</u>			
<u>13</u>			
<u>14</u>			
<u>15</u>			
TOTAL HORAS 5 ÚLTIMOS ANOS			
TOTAL HORAS ANTERIORES			
PUNTUACIÓN TOTAL			

CURSOS DE APROVEITAMENTO			
<u>Nº</u> <u>ORDE</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>HORAS</u>	<u>DATA</u>
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
TOTAL HORAS 5 ÚLTIMOS ANOS			
TOTAL HORAS ANTERIORES			
PUNTUACIÓN TOTAL			

VI.- CURSOS DE INFORMÁTICA					
Nº ORDE	DENOMINACIÓN	A	APR	HORAS	DATA
<u>1</u>					
<u>2</u>					
<u>3</u>					
<u>4</u>					
<u>5</u>					
<u>6</u>					
<u>7</u>					
<u>8</u>					
<u>9</u>					
<u>10</u>					
<u>11</u>					
<u>12</u>					
<u>13</u>					
<u>14</u>					
<u>15</u>					

ASISTENCIA

TOTAL HORAS 5 ÚLTIMOS ANOS	
TOTAL HORAS ANTERIORES	
PUNTUACIÓN TOTAL	

APROVEITAMENTO

TOTAL HORAS 5 ÚLTIMOS ANOS	
TOTAL HORAS ANTERIORES	
PUNTUACIÓN TOTAL	

O/A QUE ABAIXO ASINA,

DECLARA: Que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas Bases da convocatoria.

SOLICITA: Ser admitido ó para acceder á praza de funcionario á que se deixa feita . referencia.

Lugo, de de .

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Siglas:
A: Cursos de Asistencia.
Apr: Cursos de aproveitamento.

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO Á PRAZA DE ENCARGADO PERSOAL DE OFICIOS (PARQUE MÓBIL), ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PRAZAS COMETIDOS ESPECIAIS, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA.

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo, reservadas a promoción interna.

2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de CONCURSO-OPOSICIÓN, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo optando polo concurso – oposición, e ao establecido no artigo 10.5 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Entidade publicado no Boletín Oficial da Provincia número 226, de 30 de setembro de 2006, xa que permite valorar a experiencia e formación ademais dos coñecementos.

3.- CARACTERÍSTICA DA PRAZA E COMETIDO FUNCIONAL.

3.1.- CARACTERIZACIÓN DA PRAZA.

A praza de Encargado Persoal de Oficios (Parque Móbil) atópase encadrada no grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 do EBEP), escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase prazas cometidos especiais, (artigos 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril). Está dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/84, de 2 de agosto, no artigo 21 do EBEP e nas disposicións aplicables nesta materia.

3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta praza e posto de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Excma. Deputación Provincial en calquera dos Servizos desta.

O titular deste posto realizará as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para estes. En ausencia de fixación destas na RPT, realizarán as que como Encargado de Persoal de Oficios (Parque Móbil) lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo Xefe da Área ou Servizo correspondente, de acordo coa RPT e as necesidades da citada Área ou Servizo.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

a) Servizos como funcionario de carreira.

De acordo co artigo 22 da Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, os aspirantes deberán ser funcionarios de carreira da Excma. Deputación Provincial de Lugo ou do Inludes e deberán ter unha antigüidade, polo menos, de dous anos na Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, Persoal de Oficios (Mestre ou oficial), grupo C, subgrupo C2.

b) Titulación.

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD 781/86 e co artigo 25 da Lei 30/84 de 2 de agosto, e o artigo 76 do EBEP, para acceso á Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, grupo C, subgrupo C1 será necesario estar en posesión do Título de bacharelato ou técnico ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias ou ter unha antigüidade de dez anos nun corpo ou escala do grupo D (hoxe grupo C - subgrupo C2), ou cinco anos e a superación dun curso de formación específica ou que se accedera por criterios obxectivos.

Asemade deberán posuír os carnés de conducir A, B, C, D e E.

5.- PROCEDemento DE SELECCIÓN: FASE DE OPOSICIÓN.

5.1- PRIMEIRO EXERCICIO.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 40 preguntas con respostas alternativas baseado no programa contido na base 6ª, apartados A) e B) nun tempo máximo de unha hora.

Os que teñan acreditado o acceso á escala e/ou subescala de procedencia polo sistema de oposición contestarán 40 preguntas que se referirán ao apartado B) do programa.

O cuestionario tenderá a comprobar que os aspirantes coñecen e entenden os conceptos aos que se refire cada epígrafe.

O Tribunal elaborará o exame tipo test tendo en conta o programa, e fixará os criterios de corrección do mesmo, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

5.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

Consistirá en realizar un exercicio de carácter práctico elixido entre dous supostos propostos polo Tribunal, durante un prazo máximo de dúas horas e que estará relacionado coas materias do programa que figura na base 6ª, apartado B)

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

Este poderá ser lido polo aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

A puntuación deste exercicio será de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

5.3.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece:

“...Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírse un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente...”

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír no día do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

6.- PROGRAMA DE ACCESO Á PRAZA DE ENCARGADO DE PERSOAL DE OFICIOS (PARQUE MÓBIL), ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PROMOCIÓN INTERNA.

A) Materias comúns.

1. A Constitución Española de 1978. Aspectos esenciais desta. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois.

2. Principais Órganos do Estado : A Coroa. Principais Órganos do Estado: As Cortes Xerais.

3. O Goberno na Consitución. A Administración na Constitución.

4. A Organización Territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado e Autonomía. A Administración Local.

5. A Comunidade Autónoma de Galicia. Idea esencial das súas competencias. A súa organización institucional.

6. A provincia como Entidade Local. Competencias. A Deputación Provincial de Lugo: Organización básica, complementaria e administrativa.

7. Principios de actuación na Administración Pública.

8. O persoal ao servizo das Corporación Locais. Dereitos e deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

B) Materias específicas.

1. A organización do persoal adscrito ao Parque Móbil

2. O mantemento dos vehículos do Parque Móbil

3. Medios materiais cos que conta o Parque Móbil. Procedemento de adquisición.

4. Avarías e reparacións máis frecuentes dos vehículo do Parque Móbil.
5. Órganos administrativos en materia de tráfico: Xefatura Central de Tráfico, Subdelegación do Goberno e outros órganos da Administración.
6. A Inspección Técnica de Vehículos. Elementos que se revisan na ITV. Tipoloxía dos defectos e resultados da inspección. Consecuencias dun rexeito da ITV
7. Pesos, medidas e normas dos vehículos. O Real Decreto 490/1997, de 14 de abril, polo que se modifica o Código da Circulación e se determinan os pesos e dimensión máximas dos vehículos.
8. Permisos de condución. Clases e condicións do Permiso de Condución Autorización BTP. O sistema de penalización por puntos.
9. Tempos de condución. Condución interrompida, condución diaria, condución semanal, condución bisemanal. Feitos sancionables.
10. Seguros. Importe da cobertura dos seguros de coches obrigatorio. Seguro de Responsabilidade Obrigatoria. Seguro voluntario a todo risco.
11. Carga e descarga. Normas xerais. Carga e descarga de mercadorías. Carga e descarga de persoas.
12. Transporte de mercadorías perigosas. Mapa de fluxos.
13. Seguridade e saúde: Conceptos xerais. Medidas de seguridade no manexo dos vehículos e das máquinas.
14. Medio ambiente. Influencia no tráfico rodado no medio ambiente. Medidas correctoras.
15. Primeiros auxilios. Actuacións a realizar no caso de accidentes de tráfico. A protección do lugar do accidente. A alerta aos servizos de socorro.
16. O condutor. Factores que diminúen as aptitudes do condutor. Permiso e licenza de condución: clases de vehículos que autorizan a conducir.
17. O vehículo: Definición. Documentación. A carga e as persoas transportadas. As luces dos vehículos. Elementos de seguridade activa. A seguridade pasiva.
18. A vía: Definición. Partes da vía. Utilización dos carrís. Velocidade. Separación entre vehículos.
19. Manobras básicas da circulación. Incorporación á circulación. Desprazamentos laterais. Adiantamentos. Interseccións. Cambio de sentido. Marcha cara atrás. Detención, parada e aparcamento. Condución nocturna e en condicións meteorolóxicas adversas.
20. Os sinais de circulación: Normas xerais. Sinais verticais. Marcas viarias. Sinais de balizamento. Semáforos, sinais e ordes dos axentes de circulación.
21. O accidente de circulación: Comportamento en caso de accidente. Delitos contra a seguridade do tráfico. Nocións básicas de primeiros auxilios.
22. O motor do vehículo. Descrición dos seus principais compoñentes e do funcionamento elemental. Posta a punto e mantemento básico
23. A caixa de cambios. O embrague. Descrición e funcionamento. Caixa de cambios automática e semiautomática.
24. Os freos. Elementos de que se compoñen e clases. O ABS. Comprobación dos sistemas.
25. Sistema eléctrico: Nocións básicas da batería, alternador e alumeado. Mantemento da batería e luces.
26. As rodas e os pneumáticos. Tipos e característica. O seu estado e mantemento.
27. A dirección. Sistemas e características. Comprobación e mantemento.
28. A suspensión. Sistemas e características. Comprobación e mantemento.
29. Retroescavadoras e martelos hidráulicos. Partes de que se compoñen. Traballos que se poden realizar. Precaucións específicas no traballo con estas máquinas. Coidados e mantemento.
30. Pas frontais. Partes de que se compoñen. Traballos que se poden realizar. Precaucións específicas no traballo con estas máquinas. Coidados e mantemento.
31. Motoniveladoras. Partes de que se compoñen. Traballos que se poden realizar. Precaucións específicas no traballo con estas máquinas. Coidados e mantemento.
32. Compactadoras. Partes de que se compoñen. Traballos que se poden realizar. Precaucións específicas no traballo con estas máquinas. Coidados e mantemento.

Pazo Provincial, 28 de outubro de 2010.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO Á PRAZA DE ENCARGADO VIXILANCIA INTERIOR, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PRAZAS COMETIDOS ESPECIAIS, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA.

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo, reservadas a Promoción Interna.

2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de CONCURSO-OPOSICIÓN, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo optando polo concurso – oposición, e ao establecido no artigo 10.5 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Entidade publicado no Boletín Oficial da Provincia número 226, de 30 de setembro de 2006, xa que permite valorar a experiencia e formación ademais dos coñecementos.

3.- CARACTERÍSTICA DA PRAZA E COMETIDO FUNCIONAL.

3.1.- CARACTERIZACIÓN DA PRAZA.

A praza de Encargado Vixilancia Interior atópase encadrada no grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 do EBEP), escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase prazas cometidos especiais, (artigos 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril). Está dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/84, de 2 de agosto, no artigo 21 do EBEP e nas disposicións aplicables nesta materia.

3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta praza e posto de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Excma. Deputación Provincial en calquera dos Servizos desta.

O titular deste posto realizará as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para estes. En ausencia de fixación destas na RPT, realizarán as que como Encargado de Vixilancia Interior lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo Xefe da Área ou Servizo correspondente, de acordo coa RPT e as necesidades da citada Área ou Servizo.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

a) Servizos como funcionario de carreira.

De acordo co artigo 22 da Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, os aspirantes deberán ser funcionarios de carreira da Excma. Deputación Provincial de Lugo ou do Inludes e deberán ter unha antigüidade, polo menos, de dous anos na Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase prazas de cometidos especiais, grupo C, subgrupo C2.

b) Titulación.

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD 781/86 e co artigo 25 da Lei 30/84 de 2 de agosto, e o artigo 76 do EBEP, para acceso á Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, grupo C, subgrupo C1 será necesario estar en posesión do Título de bacharelato ou técnico ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias ou ter unha antigüidade de dez anos nun corpo ou escala do grupo D (hoxe grupo C- subgrupo C2), ou cinco anos e a superación dun curso de formación específica ou que se accedera por criterios obxectivos

5.- PROCEDemento DE SELECCIÓN: FASE DE OPOSICIÓN.

5.1- PRIMEIRO EXERCICIO.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 40 preguntas con respostas alternativas baseado no programa contido na base 6ª, apartados A) e B) nun tempo máximo de unha hora.

Os que teñan acreditado o acceso á escala e/ou subescala de procedencia polo sistema de oposición contestarán 40 preguntas que se referirán ao apartado B) do programa.

O cuestionario tenderá a comprobar que os aspirantes coñecen e entenden os conceptos aos que se refire cada epígrafe.

O Tribunal elaborará o exame tipo test tendo en conta o programa, e fixará os criterios de corrección do mesmo, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

5.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

Consistirá en realizar un exercicio de carácter práctico elixido entre dous supostos propostos polo Tribunal, durante un prazo máximo de dúas horas e que estará relacionado coas materias do programa que figura na base 6ª, apartado B).

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

Este poderá ser lido polo aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir os demais aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

A puntuación deste exercicio será de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

5.3.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece:

“...Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente...”

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír no día do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

6.- PROGRAMA DE ACCESO Á PRAZA DE ENCARGADO DE VIXILANCIA INTERIOR, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PROMOCIÓN INTERNA.

A) Materias comúns.

1. A Constitución Española de 1978: Significado e estrutura.Principios xerais. Reforma da Constitución. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

2. Principais órganos do Estado: A Coroa. As Cortes xerais.

3.- O Goberno na Constitución. A Administración na Constitución.

4.- A organización territorial do Estado. Distintas administracións Públicas. A Administración do Estado e Autonómica. A Administración Local.

5.- A Comunidade Autónoma de Galicia. Ideas esencial das súas competencias. A súa organización institucional.

6.- A provincia como Entidade Local. Competencias. A Deputación Provincial de Lugo: Organización básica, complementaria e administrativa.

7.- Principios de actuación na Administración Pública.

8.- O persoal ao servizo das Corporacións Locais. Dereitos e deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

B) Materias específicas.

1.- Dereitos dos cidadáns en relación coas Administracións Públicas. Ideas esenciais do Rexistro de documentos. Remate e prazos nos procedementos.

2.- Órganos da Deputación Provincial de Lugo. Clasificación de competencias.

3.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria da orde do día. Réxime de sesións. Acordos. Actas e certificacións de acordos.

4.- Idea esencial das fontes do dereito. As fontes do dereito local: Ordenanzas e regulamentos. Trámites esenciais para a súa aprobación.

5.- Concepto e regulación do procedemento administrativo. Iniciación, ordenación, instrucción e finalización. Referencia ós recursos administrativos na Administración Local.

6.- Notificacións dos actos administrativos. Práctica das notificacións. Dilixencias de notificación: No domicilio do interesado, nas dependencias da Administración. Acta de notificacións rexeitadas.

7.- Concepto de protocolo e precedencia. A ordenación das precedencias. O protocolo nos actos públicos. Os actos públicos oficiais.

8.- Toma de posesión da Corporación Provincial. Inauguración dun edificio. Entrega dun premio. Sinatura dun Convenio. Os actos públicos oficiais ou privados. Os Congresos.

9.- Información e participación cidadá. O cidadán como cliente e como usuario dos servizos públicos. A atención ó público: acollida e información. Os servizos de información e reclamación administrativa. O uso correcto da linguaxe administrativa.

10.- Información, orientación e asistencia ós cidadáns e usuarios. Servizo de claves, correspondencia, avisos e mensaxes. Correspondencia Oficial: Entradas, saídas e reparto.

11.- Principais funcións do persoal encadrado na Unidade de Réxime Interior e Custodia. Vixilancia e custodia de edificios públicos. A vixilancia interna. Seguridade. Riscos xerais. Seguridade. Seguridade contra incendios.

12.- A comunicación humana. A linguaxe como recurso de comunicación. Diferencia entre información e comunicación. Comunicación oral, telefónica e escrita.

13.- A Sede Provincial. Organización da administración provincial. Servizos de conserxería.

14.- Máquinas auxiliares de oficina: Fotocopiadora, destrutora de documentos, telefax e outras análogas. Utilización e mantemento.

15.- As tecnoloxías da información e comunicación na administración Local. Os documentos electrónicos na administración pública. O expediente electrónico. A sinatura electrónica.

16.- Internet e correo electrónico: Usos nas organizacións.

17.- Técnicas de motivación para o traballo en equipo.

18.- O liderazgo nos grupos de traballo.

19.- Formalidades da denuncia e os seus efectos. O atestado policial.

20.- Vixilancia e custodia interior de oficinas e despachos.

21.- Lei 31/95, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: Obxecto, ámbito de aplicación. Conceptos básicos de seguridade e hixiene no traballo.

22.- Prevención de Riscos Laborais: Dereitos e obrigas. Consulta e participación dos traballadores.

23.- Lugares de traballo: Sinalización: Óptica. Acústica. Olfativa. Táctil. Gustativa.

24.- Nocións básicas sobre seguridade nos edificios. Planes de emerxencia.

25.- Medidas preventivas e pautas de actuación ante evacuacións.

26.- Manipulación de cargas: Definición. Instruccións e normas de seguridade. Manipulación manual de cargas en equipo.

27.- Equipos de protección individual.

Elección dos equipos. Uso dos equipos de protección individual. Tipos de medios ou equipos de protección individual.

28.- Conceptos básicos de primeiros auxilios: Danos e actuacións: Electrocuacións. Hemorragias. Queimaduras. Obxectos incrustados nos ollos. Amputacións. Accidentes con feridas. Intoxicacións.

29.- Riscos de incendio.

O combustible. A aparición do lume. A propagación do lume. O fume do lume. Medidas de prevención. Medios de extinción. Regulamento de seguridade contra incendios en establecementos de pública concurrencia.

30.- Ergonomía: Movimentos repetitivos.

Prevención e control de riscos ergonómicos por movementos repetitivos

Lesións por movementos repetitivos.

31.-Traballo con PVD (pantallas de visualización de datos).

Equipo informático. Organización do traballo con PVD.

32.-Traballo en oficinas.- Condicións ambientais. Espazos de traballo. Equipamento de oficina.

Pazo Provincial, 28 de outubro de 2010.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

Consortio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento

ANUNCIO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS NOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS QUE ABRANGUE OS PARQUES DE BOMBEIROS DE CHANTADA, SARRIA E MONFORTE DE LEMOS. (Expediente N^o EXP CON002GSP10-ABO)

Acordado, con data 04 de novembro de 2010, a corrección de erros materiais detectados nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen na contratación da xestión indirecta mediante concesión administrativa do servizo de intervención en emerxencias que abrangue os parques de bombeiros de Chantada, Sarria e Monforte de Lemos (expediente N^o EXP CON002GSP10-ABO), de tal xeito que:

. Na cláusula décimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas

Onde di:

Garantía provisional.- De conformidade co previsto no art. 91 da LCSP, tendo en conta a natureza e obxecto do contrato, os contratistas deberán prestar unha garantía provisional por importe de 18.864,41 euros (dezaoto mil oitocentos sesenta e catro euros e corenta e un céntimos), resultado de aplicar a porcentaxe do 3 por 100 ó tipo de licitación, sen IVE, conxugado co tipo de licitación referido a unha anualidade segundo queda reflectido na cláusula 2^a do presente prego.

Debe dicir:

Garantía provisional.- De conformidade co previsto no art. 91 da LCSP, tendo en conta a natureza e obxecto do contrato, os contratistas deberán prestar unha garantía provisional por importe de 56.593,22 euros (cincuenta e seis mil cincocentos noventa e tres con vinte e dous céntimos), resultado de aplicar a porcentaxe do 3 por 100 ó tipo de licitación, sen IVE, conxugado co tipo de licitación referido a unha anualidade segundo queda reflectido na cláusula 2^a do presente prego.

O que se fai público para o seu coñecemento, significándolle aos interesados que a referida notificación non interrompe prazo por non afectar ao contido esencial das propostas. Non obstante, os candidatos que teñan constituído a garantía con anterioridade á publicación deste anuncio no BOP poderán optar, no prazo de tres días hábiles seguintes ao de apertura da documentación administrativa, por constituir unha garantía provisional complementaria, por importe de 37.728,81 euros, ou retirar a oferta presentada.

Lugo, Pazo Provincial, 04 de novembro de 2010.- O SECRETARIO INTERVENTOR, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 05696

ANUNCIO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS NOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS QUE ABRANGUE OS PARQUES DE BOMBEIROS DE BARREIROS, VILALBA E VIVEIRO. (Expediente N^o EXP CON001GSP10-ABO)

Acordado, con data 04 de novembro de 2010, a corrección de erros materiais detectados nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen na contratación da xestión indirecta mediante concesión administrativa do servizo de intervención en emerxencias que abrangue os parques de bombeiros de Barreiros, Vilalba e Viveiro (expediente N^o EXP CON001GSP10-ABO), de tal xeito que:

. Na cláusula décimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas

Onde di:

Garantía provisional.- De conformidade co previsto no art. 91 da LCSP, tendo en conta a natureza e obxecto do contrato, os contratistas deberán prestar unha garantía provisional por importe de 18.864,41 euros (dezaoto mil oitocentos sesenta e catro euros e corenta e un céntimos), resultado de aplicar a porcentaxe do 3 por 100 ó tipo de licitación, sen IVE, conxugado co tipo de licitación referido a unha anualidade segundo queda reflectido na cláusula 2^a do presente prego.

Debe dicir:

Garantía provisional.- De conformidade co previsto no art. 91 da LCSP, tendo en conta a natureza e obxecto do contrato, os contratistas deberán prestar unha garantía provisional por importe de 56.593,22 euros (cincuenta e seis mil cincocentos noventa e tres e vinte con dous céntimos), resultado de aplicar a porcentaxe do 3 por 100 ó tipo de licitación, sen IVE, conxugado co tipo de licitación referido a unha anualidade segundo queda reflectido na cláusula 2^a do presente prego.

O que se fai público para o seu coñecemento, significándolle aos interesados que a referida notificación non interrompe prazo por non afectar ao contido esencial das propostas. Non obstante, os candidatos que teñan constituído a garantía con anterioridade á publicación deste anuncio no BOP poderán optar, no prazo de tres días hábiles seguintes ao de apertura da documentación administrativa, por constituir unha garantía provisional complementaria, por importe de 37.728,81 euros, ou retirar a oferta presentada.

Lugo, Pazo Provincial, 04 de novembro de 2010.- O SECRETARIO INTERVENTOR, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 05697

AYUNTAMIENTOS

FOZ

Edicto

APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE NÚMERO 30 DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2010.

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 28 de outubro de 2010 aprobouse inicialmente o expediente de modificación de créditos número 31/2010 de suplemento de crédito e crédito extraordinario.

De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Re-

guladora das Facendas Locais, en relación co 169 do mesmo texto legal, expónse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerarase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo dende a data da aprobación definitiva.

Foz, a 29 de outubro de 2010.- O Alcalde, José María García Rivera.

R. 05637

GUITIRIZ

Notificación edictal de incoación de expedientes sancionadores

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285 de 27 de novembro de 1992), faise pública notificación da incoación dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos polo Concello de Guitiriz, as persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último domicilio coñecido, ésta non se puido practicar.

O órgano instrutor do procedemento e a tenente de Alcalde e o órgano competente para a súa resolución a Sra. Alcaldesa, de conformidade co disposto no art. 69.2 do Real Decreto 339/1990, de 2 de marzo.

Os correspondentes expedientes obran nos Servizos Administrativos, rúa do Concello 4 - Guitiriz.

O titular do vehículo ten a obriga de facilitar á Administración a identificación do condutor do vehículo no momento de ser cometida a infracción (art. 9 bis LSV). O incumprimento polo titular ou arrendatario do vehículo co que se cometera a infracción da obriga de identificar verazmente ó condutor responsable, considerarase como infracción moi grave a tenor do artigo 65.5j) da Lei de Seguridade Viaria sancionable co previsto no artigo 67.2a) do citado texto.

Durante o prazo de 20 días naturais dende o día seguinte o da recepción da presente notificación poderá:

a) Efectuar o pago voluntario da sanción con redución do 50% do importe da mesma, o que implica a finalización do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa e a renuncia a formular alegacións, no caso de que fosen formuladas teranse por non presentadas e demáis consecuencias previstas no artigo 80 da Lei de Seguridade Viaria.

b) Formular alegacións que teña convinte e propor ou aportar as probas que estime oportunas ante o órgano instrutor.

c) De non formular alegacións nin abonar o importe da multa, a denuncia correctamente notificada sorte efectos de acto resolutorio no supostos e coas consecuencias previstas no artigo 81.5 da LSV.

Forma de pago:

a) Mediante ingreso na conta 2091/0122/01/3110000040 de Caixa Galicia, indicando nº de expediente, nome e matrícula.

b) Mediante xiro postal en Correos, facendo constar nº de expediente, nome e matrícula.

c) Mediante ingreso na Tesourería do Concello de Guitiriz en horario de 9 a 14 h. de luns a venres.

Relación de suxeitos a que se refire este edicto:

LOCALIDADE	DENUNCIADO	DNI/NIF	EXPTE.	DATA/HORA	MATRICULA	CONTÍA	PUNTOS DETRAER	ART.	NORMA
Burela	Atilano Julio Insua Cagigal	77.595.439 V	1730/10	14-07-10/12:05	2762DPY	200		94.2.e	RGC
Lugo	Juan Carlos Parada Castro	33.342.220V	1781/10	28-07-10/14:10	B 5050UT	200		94.2.e	RGC
Lugo	María del Pilar González Díaz	32.785.063 N	1721/10	04-07-10/17:40	LU 2711 U	200		94.2.e	RGC
Vilalba	Jose Facal Rial	76.316.636 Z	1778/10	28-07-10/10:30	6241 FTB	200		94.2.e	RGC

Guitiriz, a 25 de outubro de 2010.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 05524

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 20 de outubro de 2010, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Á PISCINA MUNICIPAL CUBERTA DO CAMPUS UNIVERSITARIO "AS PEDREIRAS".

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Contratación da explotación da cafetería anexa á piscina municipal cuberta do Campus Universitario "As Pedreiras"

b) Prazo de execución: A duración do contrato é de TRES ANOS contados a partir da acta de inicio da explotación. Finalizado este periodo poderase prorrogar mediante acordo expreso das partes por períodos anuais ata un máximo de tres anos mais. A tal efecto deberase solicitar por parte da adxudicataria a correspondente prórroga antes do remate do periodo contractual.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato: O canon a pagar polo adxudicatario establécese nun mínimo de 800 euros anuais (IVE 8% incluído), resultando finalmente o canon ofertado á alza polo adxudicatario na súa proposta económica.

Para o resto de condicións ver cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas particulares.

5.- Garantías:

Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (zona de servizos: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de propostas.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª planta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 141,96 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 28 de outubro de 2010.- O ALCALDE, P.D. O TENENTE ALCALDE DELEGADA DE AREA EN FUNCIÓNS, JOSE RABADE ARIAS.

R. 05617

Anuncio

Por Decreto número 196/2010, do 13 de outubro, do Libro de Resolucións en materia de Contratación-Fomento, da tenente de Alcalde Delegada da área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García aprobouse o convenio de colaboración con EVISLUSA. De conformidade co disposto no artigo 15.3 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, publicase a parte resolutiva do devandito Decreto para a súa eficacia, a cal ten o seguinte teor literal:

“No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127.1.g) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, delegadas así mesmo polo acordo 13/560 de 8 de setembro de 2010, e a normativa específica de aplicación, sen prexuízo das delegacións conferidas, en relacións coa aprobación, de ser o caso, das actuacións que no desenvolvemento do convenio se fagan, RESOLVO:

PRIMERO.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa empresa EVISLUSA e a súa sinatura, así como os compromisos nel reflectidos no marco do disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que ten o seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LUGO E EVISLUSA PARA A XESTIÓN POR PARTE DA EMPRESA DAS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO CONVENIO SUSCRITO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE REHABILITACIÓN E FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE REHABILITACIÓN - PORTELOS ÚNICOS DE INFORMACIÓN E XESTIÓN DO PLAN DE VIVENDA E REHABILITACIÓN 2009-2012 E DOUTRAS ACTUACIÓNS DAS POLÍTICAS DE VIVENDA.

Na Casa Consistorial da cidade de Lugo, -- de setembro de dous mil dez.

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, en virtude da competencia que lle é conferida polo artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e asistido para este acto polo Sr. Secretario Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo no exercicio das funcións de fe pública encomendadas polo acordo da Xunta de Goberno Local, número 1/411, do 6 de maio de 2005, en relación coa disposición adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril (segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro).

Da outra parte DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Vicepresidenta do Consello de Administración da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), constituída en escritura pública outorgada ante don Mario Alfonso Calvo Alonso, notario de Lugo, e inscrita no Rexistro Mercantil con data do 8 de xaneiro de 2004. tomo 325, libro 0, folio 176, folla LU-9478, inscrición 1ª, con CIF núm. A-27.299.080, e con enderezo social en Lugo, Praza Maior, nº 1, facultada expresamente para este acto por acordo adoptado polo Consello de Administración na sesión celebrada o día 13 de setembro de 2010, a partir de agora executante.

Os que interveñen coas representacións que teñen recoñécense mutua capacidade para subscribir o presente convenio, e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que en data 11 de agosto de 2010, a Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local, adoptou, entre outros acordos, encargar a EVISLUSA a xestión das actuacións recollidas no convenio suscrito entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación - portelos únicos de información e xestión do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda.

Segundo.- En data 6 de setembro de 2010, na sesión celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo, acordouse aprobar o convenio suscrito entre o Concello de Lugo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a rea-

lización das actuacións a que se fai referencia no parágrafo precedente, así como a aceptación da encomenda de xestión a favor do Concello que no referido convenio se contempla.

En consecuencia, as partes formalizan o presente convenio para a xestión por parte de EVISLUSA, das actuacións recollidas no Convenio suscrito entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación - portelos únicos de información e xestión do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda, conforme ás seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é a realización, por parte da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A., das seguintes actuacións:

a) As funcións previstas no artigo 68.2 c) do RD 2.066/2008, do 12 de decembro, tramitación de expedientes, seguimento técnico das obras, difusión e demais do Plan de Vivenda e de outras actuacións das políticas de vivenda.

b) As visitas técnicas necesarias nas actuacións de rehabilitación con axudas autonómicas ou estatais, así como as correspondentes ao Programa Aluga.

c) O Instituto Galego da Vivenda e Solo facilitará os instrumentos necesarios para a o desenvolvemento destas tarefas de información, divulgación e modelos de informe para as visitas técnicas.

En todo caso, as actuacións acometeranse por EVISLUSA con suxeición o convenio suscrito entre a Administración Municipal e a Autonómica o día 31 de maio de 2010, incluídos os seus anexos.

Dentro do obxecto deste convenio quedan incluídas as actuacións a que se refiren os parágrafos precedentes desta estipulación que xa foron executadas por EVISLUSA.

Segunda.- A retribución de EVISLUSA ascenderá a un máximo de 188.738,11 €, segundo o gasto efectivamente realizado e xustificado ante o Concello de Lugo, e segundo presuposto aportado ao IGVS correspondente aos gastos de mantemento da oficina municipal de rehabilitación-portelo único de información e xestión, dos que 80.000,00 € procederán da achega do IGVS ao Concello en virtude do convenio suscrito entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación - portelos únicos de información e xestión do plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda, asinado en data 31 de maio de 2010. A cantidade restante ata 188.738,11€ será financiada polo Concello de Lugo, ben con cargo a recursos propios municipais ou ben co financiamento alleo doutras administracións para a mesma finalidade.

Terceira.- Correspóndelle ó Concello de Lugo, a través dos seus órganos competentes, as actuacións seguintes:

a) Asinar os convenios de colaboración e todos aqueles outros documentos que resulten necesarios, no marco destas actuacións, con outras administracións e/ou con terceiros.

b) Aprobar as bases correspondentes para cada unha das fases de actuación.

c) Proceder ó pago das axudas.

d) En xeral, a adopción de tódalas decisións que impliquen o exercicio de autoridade e dos actos e resolucións de carácter xurídico que dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Cuarta.- EVISLUSA, en desenvolvemento do convenio, realizará as seguintes tarefas:

a) Informar das axudas existentes para a rehabilitación de inmobles situados nas áreas declaradas ao abeiro do R.D. 801/2005, do 1 de xullo, D. 18/2006, do 26 de xaneiro e ordenanza municipal de convocatoria de axudas, así como si é o caso, dos que se deriven do Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, para os que se seguira o procedemento que figura no anexo I do convenio suscrito entre o Concello de Lugo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo o día 31 de maio de 2010. conxunto histórico-artístico de da cidade de Lugo.

b) As actuacións que o Concello teña que realizar no Programa Aluga, en materia de erradicación do chabolismo, etc., segundo o convenio suscrito o 31 de maio de 2010, agás aquelas que, segundo a cláusula precedente, deba acometelas o Concello.

c) Recibir e tramitar tódalas solicitudes de axudas que se presenten.

d) Cantas actuacións sexan necesarias no desenrolo dos seus traballos, excluídas as que lle correspondan ó Concello.

Quinta.- As partes asinantes comprométense, na medida que lles corresponda, ó cumprimento do presente convenio.

Sexta.- Os efectos do presente convenio retrotraen-se ó momento en que, efectivamente, EVISLUSA iniciou a realización das actuacións contempladas no convenio suscrito entre o Concello e o Instituto Galego da Vivenda e Solo e extinguirase no momento en que tales actuacións queden rematadas.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data arriba sinalados.

Polo Concello de Lugo, D. JOSÉ C. LÓPEZ OROZCO.

Por EVISLUSA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA.

Ante min o Secretario Xeral do Pleno, DON LUIS REGAL PAVÓN."

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Bole-tín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución ás partes interesadas, indicando que esta pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, modificada pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Malia o anterior, no caso de interposición por parte dunha Administración de recurso contencioso-administrativo contra outra e, con carácter previo e potestativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende a recepción da presente comunicación, poderá requirir á Xunta de Goberno Local para que anule ou revogue o presente acto; requirimento que se entenderá rexeitado se non se contestara dentro do mes seguinte á súa recepción. De utilizarse esta vía, o prazo de DOUS MESES para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquél en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Así mesmo, déase traslado ás dependencias e os servizos municipais afectados.

Cúmprase”.

Lugo, 20 de outubro de 2010.- O ALCALDE, P.D.: A TENENTE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA (Decreto Alcaldía 74 /2008 do Libro de Resolucións), Sonia Méndez García.

R. 05525

NOTIFICACIÓN POR EDICTOS

Dado que non foi posible realizar, á ONG AGARESO, DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO GALEGA DE REPORTEIROS SOLIDARIOS, a notificación do Decreto da Alcaldía nº 173/2010 do libro de resolucións en materia de servizos sociais do día dezasete de agosto de 2010 relativo á concesión/denegación de subvencións ós proxectos de cooperación ó desenvolvemento e sensibilización social 2010, por causas non imputables a esta Administración, e tralos dous intentos practicados con esta finalidade, procédese á notificación a través de edictos tal e como establece o artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común segundo o seguinte detalle:

“En cumprimento da normativa vixente, notifícolle que a tenente de Alcalde-Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade, dona M^a. del Carmen Basadre Vázquez, dictou o día 17 de agosto de 2010 o Decreto da Alcaldía número 173/2010 do libro de resolucións en materia de servizos sociais, o cal é do seguinte teor:

Instruído o expediente relativo á: Concesión de subvencións ós proxectos de cooperación ó desenvolvemento e sensibilización social 2010.

Visto:

1º.- O expediente iniciado neste servizo co obxecto de proceder á adjudicación de subvencións a proxectos de cooperación ó desenvolvemento e sensibilización social para o exercizo económico de 2010.

2º.- O Decreto da Alcaldía nº 34/2010 do libro de resolucións en materia de contratación-fomento do día 21 de abril, polo que se aproban:

a)- As bases xerais polas que se regula a concesión destas subvencións.

b)- O importe total delas que ascende a 90.000 € dos cales 70.500 € financiaranse con cargo á disposición orzamentaria 92400.78000 e 19.500 € o farán con cargo á 92400.48900 do vixente orzamento municipal.

c)- Aconvocatoria, en réxime de concorrencia competitiva que se publicou no BOP nº 98 do luns día 3 de maio de 2010; no DOGA nº 84 do mércores día 5 de maio de 2010, no taboleiro de edictos municipal e na páxina web do Concello; polo que o prazo de solicitude abrangueu dende o día 6 de maio (día seguinte ó da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia) ata o día 5 de xuño de 2010, ámbolos dous inclusive.

3º.- As actas levantadas o día 22 de xullo e o 6 de agosto de 2010 pola Comisión de Valoración reunida ós efectos de avaliar as solicitudes conforme o establecido no artigo 7 das bases xerais polas que se regula a concesión deste tipo de subvencións, e o artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Estas figuran no expediente.

4º.- A proposta de resolución do órgano instructor do procedemento do día 23 de xullo de 2010 que figura no expediente.

5º.- Informe de Intervención referencia 628/2010 de adjudicación das subvencións do día 16 de agosto que tamén figura no expediente.

En virtude das atribucións que confere á Xunta de Goberno Local en materia de contratación así como para autorizar e dispoñer gastos, o artigo 127, f e g respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, competencias delegadas segundo acordo nº 1/877 da Xunta de Goberno Local do 18 de outubro de 2004, e segundo as atribucións que confire ó Alcalde o artigo 124.4 ñ da citada Lei 7/85, do 2 de abril, así como os artigos 185 e 186.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para recoñecemento e liquidación de obrigas e a ordenación de pagos respectivamente, atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o Decreto número 74/2008 do 15 de xullo, do Libro de Resolucións da Área da Alcaldía, actas e Goberno e normalización lingüística nos tenentes de Alcalde delegados de Área RESOLVO:

PRIMEIRO:...

SEGUNDO:...

TERCEIRO:...

CUARTO: Que non se admitan a trámite, por non reunir os requisitos establecidos no artigo 3 parágrafos a) e f) das bases xerais reguladoras da concesión de subvencións para a realización de proxectos de cooperación o desenvolvemento e sensibilización social exercicio 2010, as solicitudes presentadas polas entidades:

- ONG AGARESO, DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO GALEGA DE REPORTEIROS SOLIDARIOS con NIF G36589844 por non reunir os requisitos establecidos no antedito artigo, parágrafo e)... acreditar unha experiencia mínima de dous anos na área de sensibilización social, coa consecvente capacidade operativa para isto.

Din nacer no ano 2008 e da documentación presentada dedúcese que se inscriben no rexistro das ONG o día 21-11-2008 e obteñen o NIF definitivo o día 11-08-2008, polo que cumprirían os dos anos de existencia o día 11 de agosto de 2010 cando o prazo de solicitudes rematou o día 5 de xuño. Tampouco relacionan proxectos realizados no período de 2 anos atrás tal e como esixen as bases reguladoras.

...

QUINTO: ...

SEXTO:

SÉPTIMO: Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991 do 26 de novembro ante a Alcaldía no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen perxuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados. Cúmprase.

O que se lle traslada para o seu coñecemento e oportunos efectos. Para calquera dúbida ou aclaración deberá vostede dirixirse ás oficinas municipais de Servizos Sociais, sitas na Ronda da Muralla nº 197 PB (Lugo).

Lugo, 18 de agosto de 2010.- O SECRETARIO XERAL DO PLENO.- Asdo: Luis Regal Pavón."

Lugo, 21 de outubro de 2010.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, Mª del Carmen Basadre Vázquez.

R. 05526

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a conta xeral do Concello e do Instituto Municipal de Drogodependencias correspondente ao exercicio 2009, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estímen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Monforte de Lemos, a 29 de outubro do 2010.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz.

R. 05622

MONTERROSO*Edicto*

Neste Concello tramítase expediente de baixa por inscrición indebida de:

- Ionela Podila, titular do pasaporte PXB260699, último enderezo: Avda. de Lugo, 120, 4º.

Visto que non se puido efectuar a notificación persoal e o abeiro do disposto no artigo 72 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais co fin de dar cumprimento ó apartado II.1.c.2) da Resolución de 9 de abril de 1997, pola que se publica a de 1 de abril, da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e do Director Xeneral de Cooperación Territorial, publícase o presente edicto co fin de que no prazo de quince días hábiles, contados a partir da presente publicación no BOP, poidan presentar ante este Concello as alegacións que estimen pertinentes.

Monterroso, 13 de outubro de 2010.- O Alcalde-Presidente, Antonio E. Gato Soengas.

R. 05521

SARRIA

De conformidade co acordado polo Concello Pleno en sesión realizada o 30-9-2010, por medio do presente anuncio efectúase a convocatoria do procedemento aberto, oferta economicamente máis ventaxosa, varios de criterios de adxudicación do contrato de "xestión do servizo público das depuradoras de Sarria e Oural, mediante a modalidade de concesión", conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo: Concello de Sarria.
b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Obtención de documentación e información:

1. Dependencia: Contratación.

2. Domicilio: Rúa Maior, 14.

3. Localidade e código postal. 27.600-SARRIA.
4. Teléfono 982-53.50.00.
5. Telefax 982-53.09.16.
6. Correo electrónico: contratacion@sarria.es
7. Dirección de internet do perfil de contratante: www.contratosdegalicia.es/ ou www.sarria.es
8. Data límite de obtención de documentación e información: Ata o último día de presentación de proposicións.
2. Obxecto do contrato.
- a) Tipo: Xestión de servizos.
- b) Descrición do obxecto: "Xestión do servizo público das depuradoras de Sarria e Oural".
- c) División por lotes e número de lotes/unidades: Non.
- d) Lugar de execución: Concello de Sarria
- e) Prazo de execución: 22 anos e como límite máximo o 1-3-2032.
- f) Admisión de prórroga: Non.
- g) CPV: 65120000-0.
3. Tramitación e procedemento.
- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Criterios de adjudicación: Os fixados no apartado 24 do prego de cláusulas:
- Mellor porcentaxe de redución tarifas: Ata 50 puntos.
 - Mellor investimento: Ata 30 puntos.
4. Orzamento base de licitación.
- a) Non se fixa.
5. Garantías esixidas. Provisional: 2.000 euros. Definitiva 5% do importe anual do custo do servizo fixado na proposición.
6. Requisitos específicos do contratista:
- a) Clasificación: Non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional: Acreditáranse conforme ao estipulado no apartado F) do prego de cláusulas.
7. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:
- a) Presentación de proposicións: QUINCE (15) días naturais a computar dende o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Provincial de Lugo e no perfil do contratante.
- b) Lugar de presentación:
1. Dependencia: No Rexistro Xeral do Concello de Sarria
2. Domicilio: Rúa Maior, 14-1ª planta.
3. Localidade e código postal: 27.600.
- d) Admisión de variante: Non procede agá-lo previsto

respecto aos mellores investimentos que se formulen.

8. Apertura de documentación administrativa:

a) Data e hora: Terceiro día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións.

b) A apertura das proposicións económicas e técnicas, será comunicada a traveso do perfil do contratante.

9. Gastos de publicidade: Importe máximo de 500 euros.

En Sarria, a 21 de outubro de 2010.- O Alcalde, Claudio Garrido Martínez.

R. 05522

Anuncio

Pola Alcaldía do Concello de Sarria, con data 22 de outubro de 2010, dictouse a seguinte resolución:

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión para as probas de selección para prover, polo sistema de concurso-opsoción, acceso libre, unha praza de animador socio-cultural (media xornada) do cadro de persoal laboral fixo do Organismo Autónomo Residencia de Anciáns "Nosa Sra. do Carme", correspondente á oferta de emprego para o ano 2008, cuías bases foron publicadas no BOP nº 174, correspondente ó día 31 de xullo de 2010.

Vistas as solicitudes presentadas, examinada e calificada a documentación presentada polos aspirantes o proceso selectivo conforme o disposto nas bases da convocatoria, e en virtude do artigo 21.1g) de Lei 7/1985, de 2 de abril, de Réxime de Bases do Réxime Local, resólvese:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a lista de admitidos e excluídos que se detalla a continuación:

ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	D.N.I.
Agruña García, Vanesa Cristina	33.541.068 F
Fernández Piedra, Ana Emilia	32.886.641 E
Palmón Díaz, Mirian	34.260.141 P

EXCLUÍDOS:

APELIDOS E NOME	D.N.I.
Páramo López, Mª Teresa	34.262.925 D
	(A titulación aportada non se corresponde coa esixida).

Segundo.- Publicar o presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

Terceiro.- Conceder un prazo de dez días hábiles a partires da publicación deste anuncio no BOP, para formular alegacións ou proceder á subsanación de erros.

Sarria, 22 de outubro de 2010.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 05523

XERMADE*Anuncio*

En relación ás prazas convocadas por este Concello no proceso de consolidación de emprego temporal, por Decreto da Alcaldía 309/2010 de 28 de outubro de 2010, acordouse o seguinte:

1º. Aprobar a lista provisoria de aspirantes ADMITIDOS.

- Auxiliar administrativo, administración xeral, C2.

Admitidos:

Alvarez Burgué, Tamara

Blanco Amado, Margarita

Bellas Mouriño, Mª Soledad

Casas Pedreira, Noemí

Fernández Sánchez, Mónica

Gandoy Martínez, Pablo

García Mirás, Mª del Pilar

González Naya, Cristina

Hortas Campos, Mercedes

Ledo Ramil, Mª Belén

López Folgueira, Mª Rocío

Maseda Longarela, Mercedes

Millán González, Mª José

Moirón Fernández, Mª Elvira

Oseira Portela, Ana

Pico Roca, Iria Mª

Ramudo Gayoso, María José

Ramos Pérez, Olaf

Rodríguez Cabañas, Miguel

Trastoy Vérez, Mª Carmen

Vázquez Sánchez, Sandra

Viña López, Begoña María

- Auxiliar biblioteca, administración especial, C2.

Admitidos:

Fernández Santomé, Cristina

González Cabarcos, María

Hortas Campos, Mercedes

Lorenzana Díaz, Luis Alberto

Maseda Longarela, Mercedes

Pereira Sandamil, Ana Belén

Tembrás Maroño, Rocío

Vázquez Núñez, María José

- Técnico local de emprego, administración especial, A2.

Admitidos:

Alvarez Burgué, Tamara

Ares Yáñez, Ernesto

Felpeto Lamas, José Angel

López Folgueira, Mª del Rocío

López Suárez, Ana María

- Traballador/a social, administración especial, A2.

Admitidos:

Alvarez Bouzas, José Antonio

Burgué Antelo, Mª Lorena

Fernández Villaverde, Ana María

González Díaz-Becerra, José Ramón

Lagüela Felpeto, Nuria

López Gil, Leticia

López Pernas, Mª Teresa

Rey Bouzón, Noemí

- Educador/a familiar, administración especial, A2.

Admitidos:

Casal Vázquez, Patricia

Oca Felgueiras, Isabel

Ortega García, Ana Mª.

Vilaboy Romero, Manuela

Vilar Casabella, Sara

2º. Aprobar a lista provisoria de aspirantes EXCLUIDOS.

- Díaz Rodríguez, Leticia. Causa de exclusión: Non presenta solicitude. Non subsanable.

- Castro Ramírez, Marta. Causa da exclusión: Presentado fóra de prazo. Non subsanable.

3º. Publicar o presente Decreto no BOP, taboeiro de anuncios e sede electrónica, para que no prazo de 10 días os interesados poidan solicitar a enmenda de erros subsanables e presenten alegacións.

Xermade, 28 de outubro de 2010.- O Alcalde, Tomás Rodríguez Arias.

R. 05618

CONSORCIO LOCAL OS PEARES

(LUGO-OURENSE)

Edicto

Aprobado polo Consello Xeral deste Consorcio Local o expediente de modificación de créditos n.º 1/2010 dentro do vixente orzamento por importe de 21.384,91 € (vinte e un mil trescentos oitenta e catro euros con noventa e un céntimos), en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ó público, polo prazo de quince días hábiles na Secretaría deste Consorcio, coa fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte a última inserción do presente edicto nos BOP de Lugo e Ourense, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Os Peares, a 28 de outubro de 2010.- O PRESIDENTE, Manuel Seoane Rodríguez.

R. 05620

Administración de Justicia
TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA
A CORUÑA

Secretaría de Gobierno

Edicto

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 1 de outubro de 2010, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o Xuíz de Paz titular e/ou substituto dos Concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

O CORGO: Titular: DON DARIO FERREIRO PARADELA. DNI nº 33.642.037Y.

Substituto: DON DOMINGO A. ABUÍN SÁNCHEZ. DNI nº 33.777.942G.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de alzada perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no Xulgado de Paz para o que se nomean e ante a persoa que estiveira exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o Xuíz de Primeira Instancia e Instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles Xuíces de Paz nomeados que estean incurso nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 21 de outubro de 2010.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Agustín Ignacio Pena López.

R. 05513

MINISTERIO DEL INTERIOR

Dirección General de Tráfico

Jefatura Provincial de Tráfico de Lugo

Edicto

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.4 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de noviembre de 1992), se hace pública notificación de las resoluciones recaídas, dictadas por la Autoridad en vía de recurso, en los expedientes sancionadores que se indican, a las personas o entidades sancionadas que a continuación se relacionan, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio conocido, ésta no se ha podido practicar.

Contra estas resoluciones, que agotan la vía administrativa, podrá interponerse recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal correspondiente, previa comunicación a la Dirección General de Tráfico, de conformidad con el artículo 110.3, en concordancia con la disposición adicional undécima de la Ley 30/92, de 26 de noviembre, ya citada, y con arreglo a lo dispuesto en los artículos 66 y 74 de la Ley Orgánica del Poder Judicial, y artículos 10 y 11 de la Ley de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, de 27 de diciembre de 1956, reguladora de dicha jurisdicción, en el plazo de DOS MESES, a contar desde el día siguiente al de la publicación del presente en el "B.O.P." procediéndose, en caso de impago de la sanción impuesta, a su exacción por vía ejecutiva, incrementándose en el recargo del 20% de su importe, por apremio.

Los correspondientes expedientes obran en la Unidad de Sanciones de la Jefatura Provincial de Tráfico.

Lugo, 06 de octubre de 2010.- EL JEFE PROVINCIAL DE TRÁFICO, GONZALO E. LEÓN VÁZQUEZ.

ART.º = Artículo; RDL = Real Decreto Legislativo; RD = Real Decreto; SUSP. = Meses de suspensión; Ptos. = Puntos.

Expediente	Sancionado/a	Identificación	Localidad	Fecha	Cuantía	Precepto	Artº	Ptos.
270044560201	JOSE CABADA HUELMO	33324680	FERROL	30.06.06	150,00	RD 13/92	003-1	0
270700048270	ABEL JOSE LOPEZ TOURON	35097859	SARRIA	07.12.09	1.500,00	RDL 8/04	003-A	0

R. 05511

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año 34,67 €

Al semestre 23,12 €

Mas gastos de envío

Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas 0,58 €

Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas 0,87 €

Por ejemplar de más de 12 páginas 1,30 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números 0,13 €

- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.

- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.

- Importe mínimo de publicación 5,17 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)

Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."